

COMUNICACIÓN Á COMUNIDADE ESCOLAR DO CALENDARIO ELECTORAL

A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR

En cumprimento do establecido na **Resolución do 26 de setembro de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, (DOG do 4 de outubro) e demais disposicións vixentes da Consellería de Educación, ábrese un novo proceso electoral para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, órgano Colexiado de participación e goberno do Centro, con representación dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa (pais/nais, profesorado, Concello e ANPA)

A organización e supervisión deste proceso electoral está a cargo da Xunta Electoral, presidida polo Director e integrada por un pai, unha profesora, e unha representante do persoal de administración e servizos, elixidos por sorteo público realizado o día 25 de outubro de 2016.

Nestas eleccións corresponde renovar dous representantes do profesorado e dous representantes dos pais/nais.

Na elección correspondente ao sector de pais/nais só se poderá votar **un máximo de un candidato ou candidata** dos que figuren na papeleta de votación. Terán dereito a voto tanto o pai como a nai do alumno/a, ou de ser o caso o seu titor legal.

O Calendario Electoral, do que se achega un resumo, está exposto no taboleiro de anuncios do Centro e na súa páxina web.

O colexio ofrecerá toda a información que demanden e porá a disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación escrita á Xunta Electoral a efectos de coordinación.

RESUME DO CALENDARIO ELECTORAL

- **Exposición pública dos censos:** día 7 de novembro. **Reclamacións** ata as 14 horas do 14 de novembro.
- **Prazo de presentación de candidaturas:** desde o día 8 ata as 14 horas do día 15 de novembro
- **Proclamación de candidatos:** día 16 de novembro. **Reclamacións** os días 17 e 18 de novembro.
- **Votacións:** día 29 de novembro. **Proclamación de candidatos electos** día 30 de novembro

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar como órgano Colexiado de control e goberno do Centro (elección de director/a, aprobación do proxecto educativo, regulamento de réxime interior, programación xeral anual, orzamentos, valoración do funcionamento do centro), non quixera rematar sen convidalos a que presenten a súa candidatura ou ben voten a que mellor lles pareza entre as presentadas.

Un cordial saúdo,

Vigo, 7 de novembro de 2016



A Directora,

Ma Cristina Rodríguez Abalde